



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

EXPTE 2026/C002/000103

ANUNCIO DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE MUROS”

1.- Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a realización do proxecto de obra **“Mellora e acondicionamento do Punto Limpo de Muros”**, elaborado polo arquitecto técnico municipal, José Antonio Abeijón Muñiz, o 19 de agosto de 2026, cun orzamento de execución de **26.711,17 €, IVE incluído**.


A necesidade desta actuación ben dada porque o Concello de Muros resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da Orde do 15 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60% do gasto elixible para o ano 2026 (procedemento MT975X); publicado no DOG Núm. 25, do venres 6 de febreiro do 2026.

2.- Características do contrato.

O contrato é un contrato de obras. Os criterios xerais que dirixen o proxecto son esencialmente a realización das actuacións necesarias para a mellora, acondicionamento e modernización das instalacións do Punto Limpo Municipal, destinadas á recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos urbanos de características especiais, previo ao seu traslado a xestor autorizado.

As actuacións proxectadas pretenden incrementar a funcionalidade das instalacións, mellorar as condicións de seguridade, salubridade e accesibilidade do persoal e dos usuarios, así como optimizar a xestión ambiental dos residuos de competencia municipal.

Obxectivos específicos:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Eliminar as filtracións da caseta de control, renovar a porta e as xanelas para mellorar a seguridade; adecuar o interior cun falso teito, pintura e acondicionamento funcional; protexer os residuos perigosos da choiva mediante un novo peche metálico superior; instalación de tapas de arqueta; mellorar a impermeabilización e a recollida de posibles vertidos.


En concreto, as obras a realizar son as seguintes:

Caseta de recepción, información e control

- Limpeza de sumidoiros e canlóns da cuberta.
- Reparación puntual das zonas con filtracións mediante morteiro estrutural de reparación.
- Aplicación dunha membrana impermeabilizante continua sobre a cuberta.
- Demolición do falso teito existente.
- Execución dun novo falso teito de placas de xeso laminado.
- Pintado completo dos paramentos interiores.
- Colocación dunha nova porta metálica de seguridade.
- Substitución das dúas xanelas con reixa de protección.
- Reparación da albardilla e dos remates de carpintería.
- Acondicionamento interior da oficina e colocación das pezas sanitarias necesarias.

Caseta de residuos perigosos

- Substitución do peche superior por chapa metálica galvanizada.
- Reparación do cerramento perimetral.
- Limpeza integral do pavimento.
- Saneado da arqueta cega.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Colocación dunha tapa plástica de seguridade.
- Instalación dunha reixa tipo Trámex sobre o pozo de recollida.

Adecuación exterior

- Desbroce do perímetro.
- Limpeza e desatasco das arquetas de drenaxe.
- Reparación do portalón de acceso.
- Colocación de tapas antiescorregadizas nos rexistros.

3. Procedemento de contratación.

O procedemento de licitación realizase mediante un contrato menor, xa que o valor estimado do contrato non excede de 40.000 euros e non tratarse de gastos de carácter recorrente.


4.- Criterios de adxudicación.

Dadas as características da actuación o único criterio é o da oferta económica, polo que se adxudicará o contrato a empresa que presente a mellor oferta económica. En caso de empate entre dúas ou máis licitacións adxudicarase a aquela empresa que presentase antes a súa oferta económica.

5.- Prazo de duración.

1. Non se prevé a realización de prorrogas ao estar ante un contrato menor.
2. O prazo máximo de execución das obras é de un mes e medio a partir da data de adxudicación definitiva polo Concello.

As obras contan con todas as autorizacións sectoriais pertinentes.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

6.- Modificación do contrato.

Dadas as características da contratación non se contemplan modificacións, prorrogas nin revisión de prezos.

7.- Orzamento base de licitación.

Orzamento base de licitación sen IVE: 22.075,35 €

IVE: 4.635,82 €

Orzamento base licitación con IVE: 26.711,17 €

8.- Documento contable RC.

Consta no expediente no expediente o RC con número 220260004623 correspondente por parte da Intervención municipal.

9. Prazo de presentación de solicitudes.

Calquera empresa poderá participar nesta actividade sen necesidade de ser convidada previamente. As empresas deberán presentar as súas ofertas nun prazo máximo de 5 días naturais dende a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

As empresas ou persoas interesadas, deberán presentar a súa oferta no rexistro xeral do concello de acordo co modelo que se anexa a esta memoria.

10. Facturación

O pago realizase mediante pago previa presentación da factura correspondente. O último día para presentar a factura é o 25 de outubro de 2026.

11. Encargado do seguimento e execución

Será a Alcaldía, a Concellería de Obras e os servizos técnicos de Urbanismo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En Muros, documento asinado dixitalmente

A alcaldesa

María Lago Lestón



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANEXO PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA ECONÓMICA

D./Dña. _____ con domicilio no
municipio de _____, rúa _____ núm. _____ provincia
_____ país _____ teléfono _____, con DNI/NIF
(ou Pasaporte ou documento que o substitúa) núm. _____ actuando en nome
propio (ou en representación de) _____. DNI ou NIF
núm. _____ e con domicilio no municipio de _____ rúa
_____ núm. _____ provincia _____ país _____ teléfono

Toma parte no procedemento de adxudicación mediante contrato menor do proxecto "MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE MUROS" e para cuxos efectos

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- 1º Que ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta;
- 2º Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente para a realización da obra;
- 3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;
- 4º Que non está incurso en prohibición de contratar con ningunha administración pública;
- 5º Que coñece e acepta cantas obrigacións se deriven do presente contrato, así como do proxecto de obra citado
- 6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de empresas estranxeiras)
- 7º De conformidade co disposto no art.159 e 75.2 LCSP. **(Indicar a opción):**
 - a) ____ Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades
 - b) ____ Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades, comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito destas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.
- 8º Fai constar que na presente licitación **(indíquese o que proceda):**
 - a) ____ Non concorre con empresas vinculadas.
 - b) ____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

9º Que a mencionada empresa esta ao corrente nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Muros

10ª Autorizo ao Concello de Muros a que obteña telematicamente os certificados relativos á acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e ao Concello de Muros

11º.- OFERTA ECONÓMICA

Ofrece o seguinte prezo para a execución do proxecto **“MELLORA E ACONDICIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DE MUROS”**, elaborado polo arquitecto técnico municipal, José Antonio Abeijón Muñiz, o 19 de agosto de 2026, cun orzamento de execución de 26.711,17 €, IVE incluído.

(DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE..... euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :21 %. Importe..... ..euros

C) TOTAL (A+ B).....EUROS

En a de Setembro de 2025

O LICITADOR (Asinado)